



Concello do Porriño

ANUNCIO

CONSULTA PÚBLICA PREVIA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CESIÓN DE USO DO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL E DO CENTRO CÍVICO DO CONCELLO DO PORRIÑO.

Co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, e segundo o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro sobre Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dun proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento (ordenanzas/regulamentos municipais) substanciarase unha consulta pública a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión das persoas e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma sobre os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.

Este anuncio de consulta previa está referido a elaboración dunha ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de cesión de uso do Centro Cultural Municipal e do Centro Cívico.

Forma e prazo de presentación de opinións e suxestións

En función do exposto se realiza a presente consulta pública para que no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES dende a publicación deste anuncio no taboleiro de edictos e portal de transparencia do Concello do Porriño, as persoas e organizacións máis representativas, potencialmente afectados por esta ordenanza, poidan presentar opinións e suxestións, a través do rexistro desta entidade ou nos restantes puntos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986335850



A. Problemas que se pretenden solucionar coa ordenanza.

Que a prestación do servizo público da cesión de uso dos auditorios, exterior e interior do Centro Cultural Municipal e as salas do Centro Cívico, , teña unha regulación dos prezos públicos de aplicación ás persoas e/ou entidades sen ánimo de lucro, como contraprestación do uso de recursos públicos (humanos, materiais e económicos) que vén asumindo o Concello, sendo os seus recursos limitados e están suxeitos á normativa orzamentaria e de sostibilidade financeira.

B. Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

A necesidade e oportunidade da aprobación da norma é a demanda da cesión de uso de dependencias municipais por persoas, colectivos e asociacións do concello para a realización de seus fins, culturais, sociais divulgativos, etc, de forma continuada ou ocasional

C. Obxectivos da norma.

O obxectivo da cesión do uso dos locais municipais mencionados, é que as asociacións, colectivos e persoas a título individual e sen ánimo de lucro, poidan dispoñer do soporte infraestructural necesario para a realización dos fins que lle son propios.

E coa contraprestación pecuniaria do prezo público, o Concello poida financiar o gasto público xerado polos recursos municipais postos á disposición da solicitude voluntaria destas colectividades que son á vez, usuarias e beneficiarias

D. Posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.

A alternativa consistiría en non acometer ningún desenvolvemento regulamentario municipal, pero o establecemento dunha Ordenanza que concrete e desenvolva as normas citadas resulta máis conveniente e mesmo necesario para a aplicación práctica de determinados aspectos. Asemade, esta necesidade tamén resulta aconsellada polo espírito e finalidade das novas leis, e para acadar unha maior seguridade xurídica, sen prexuízo de que esta norma que se propón poida, no seu caso, complementarse con outras solucións reguladas

Documento asinado dixitalmente

Concello do Porriño